



Boletín pneumática

1. Debuxa un cilindro de efecto simple mandado desde unha válvula 3/2 accionada por panca e con retorno por resorte.
 2. Debuxa un cilindro de dobre efecto de maneira que o avance se realice cando prememos un pulsador situado nunha válvula 3/2 e o retroceso se realice cando accionamos unha panca situada nunha válvula 3/2. O retorno de ambas válvulas é por resorte.
 3. Debuxa un cilindro de dobre efecto controlado por unha válvula 4/2 que é pilotada pneumáticamente por ambos lados. O avance e o retroceso do pistón mándase dende dúas válvulas 3/2 accionadas por pulsador e con retorno por resorte.
 4. Deseña un circuíto pneumático no que o avance dun cilindro de efecto simple se consegue pulsando simultaneamente dous pulsadores (terás que incluír unha válvula de simultaneidade no circuíto).
 5. Deseña un circuíto pneumático no que o avance dun cilindro de dobre efecto se consegue pulsando simultaneamente dous pulsadores (terás que incluír unha válvula de simultaneidade no circuíto). O retroceso do cilindro realízase por pulsador.
 6. Deseña un circuíto pneumático no que o avance dun cilindro de efecto simple se consegue pulsando calquera dos dous pulsadores dispoñibles (terás que incluír unha válvula selectora de circuíto no teu deseño).
 7. Deseña un circuíto pneumático no que o avance dun cilindro de dobre efecto se consegue pulsando calquera dos dous pulsadores dispoñibles (terás que incluír unha válvula selectora de circuíto no teu deseño). O retroceso do cilindro realízase por pulsador.
 8. Deseña un circuíto pneumático que poda ser utilizado nunha estampadora de camisetas. A estampadora estará conectada a un cilindro de dobre efecto que avanzará cando se pulsen simultaneamente 2 pulsadores e o retroceso realizarase cando se pulsen calquera dos dous pulsadores instalados para deter o mecanismo.
- COMPOÑENTES: cilindro de dobre efecto, válvulas 3/2 con pulsadores (teredes que poñer unha válvula por cada pulsador) e retorno por resorte, válvula 4/2, válvula de simultaneidade, válvula selectora de circuíto
9. Deseña un circuíto pneumático que permita abrir unha porta corredeira ao accionar un pulsador. Ao chegar á posición final da porta, detectada por un final de carreira, o peche da porta realizarase de forma automática.

COMPOÑENTES: cilindro de dobre efecto, válvula 3/2 accionada por leva e retorno por resorte, válvula 3/2 accionada por pulsador e retorno por resorte, válvula 4/2.